

Nome da comunicación

**CREACIÓN DE EMPREGO A NIVEL LOCAL E TICs: CLUBE DO EMPREGO DO CONCELLO DE CANGAS**

**Entidade** Concello de Cangas (Pontevedra)  
AXENCIA DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL



Eirado do Sinal, nº 5, 2º Andar  
36940 Cangas de Morrazo  
Tlfno: 986 301 371  
Fax: 986 30 09 54  
E-mail: [dlocal@cangas.org](mailto:dlocal@cangas.org)

**Responsables da comunicación**

Carmen Fandiño Docío  
Axente de Emprego e Desenvolvemento Local Concello de Cangas

## **CREACIÓN DE EMPREGO A NIVEL LOCAL E TICs: CLUBE DO EMPREGO DO CONCELLO DE CANGAS**

*Carmen Fandiño Docío*  
*Ilmo Concello de Cangas*  
[dlocal@cangas.org](mailto:dlocal@cangas.org)



Cánto cambiamos nos últimos anos: nós, as nosas familias, o noso pobo, o noso país, o mundo. As TICs (Tecnoloxías para a Información e a Comunicación), invaden o noso vocabulario con nomes tan comúns como a informática, internet, telefonía móbil, banda ancha.... Vivimos na sociedade da información, da globalización, do

bombardeo diario de datos, da velocidade nas comunicacións, do xa e do agora, das continuas actualizacións. Todo isto xera multitude de puntos débiles que reforzar, ameazas que minimizar e, sobor de todo, oportunidades que aproveitar para acadar os nosos obxectivos. Explorando as oportunidades, nesta comunicación ímonos referir ó papel das TICs no proceso de creación de emprego, e en particular a partir da creación de redes.

A creación de emprego implica a moitos actores: empresas, demandantes de emprego, traballadores, estudantes, institucións públicas, público en xeral..., traballando en sintonía, compartindo recursos e cun obxectivo común, en resume, operando en rede. O desenvolvemento dunha rede é lento, caro e complicado. Debemos destinar multitude de recursos a publicidade, creación de mecanismos de traballo, captación de usuarios, coordinación, mantemento, etc. A utilización das TICs minimiza estes factores, permítenos innovar e crear, sobor de todo nun contorno de crise coma o que vivimos na actualidade, no que se valora especialmente o aforro de custos, no que o pequeno volta a cobrar importancia. O pequeno como paradigma do flexible, atrevido, do capaz de adaptarse ós cambios. É o momento de deixar xurdir experiencias innovadoras que abran camiño e suxiran accións extrapolables a outros territorios. É o momento do Local.

Neste punto quero introducir a experiencia do Clube de Emprego do Concello de Cangas. Un proxecto piloto dunha Axencia de Desenvolvemento Local que tivo que reorientar a súa estratexia, e , sen deixar de atender as súas funcións principais, definidas na orde que regula o seu financiamento, pasou de orientar laboralmente a 102 persoas no 2.009 a 725 persoas no 2.010. Dunha entidade que dado o seu limitadísimo orzamento, tivo que buscar o xeito máis económico de levar o seu proxecto adiante, e decidiu apostar polas TICs, e polo traballo voluntario, configurando un “voluntariado para o emprego” en presente desenvolvemento.

Todo empezou por unha necesidade. Os emprendedores escaseaban, polo menos os vocacionais, e os poucos proxectos que se presentaban tiñan unha inviabilidade clara. Mentras tanto, o número de persoas que se achegaban ata as nosas oficinas demandando asesoramento laboral e confección de currículos aumentaba de xeito estrepitoso. Así que, aproveitando un cadro de persoal excepcionalmente abultado pola concesión dunha subvención, decidimos, en novembro de 2.009, desempolvar unha antiga idea, a creación dun clube de emprego, dun instrumento que fose máis alá da mera intermediación laboral, estimulando, motivando, creando rede, e destinado a persoas cunha mentalidade de busca activa de emprego. Os nosos servizos querían sumar non competir, complementando as ferramentas do Servizo Público de Emprego da zona, un dos primeiros entes ós que comunicamos o proxecto.

Tardamos aproximadamente un mes en estruturar a nosa idea, e crear as ferramentas de xestión necesarias para levala a cabo (fichas de recollida de información, axendas, bases de datos, carnés de socios, modelos de currículos, dossiers de enderezos), así como os protocolos de actuación para cada unha das actantes no proceso: administrativa, técnica informática, orientadora laboral e axente de desenvolvemento local. Tamén elaboramos material de difusión (trípticos e cartelería), e unha estratexia de difusión distinta para demandantes de emprego, institucións públicas e empresas. Todo baixo o convencimento de que, por coherencia, a idea sobre o funcionamento do clube que transmitísemos o día 4 de

xaneiro de 2.010, data de apertura do Clube do Emprego-1, era a que manteríamos ata o peche da iniciativa, e que tódalas suxerencias e melloras se irían anotando para ser incorporadas, unha vez realizada a autoavaliación pertinente, nunha futura edición, si se chegaba a producir.

Así, buscando un carácter de clube, de rede, de unión de actores que buscan un obxectivo común, deseñamos unha serie de accións que a continuación describimos brevemente. Un servizo personalizado de orientación laboral que estimulase a busca activa de emprego, establecendo metas e obxectivos a corto e medio prazo, forzando compromisos. A prospección diaria de ofertas de emprego por parte do persoal do clube, que se enviarían ós enderezos electrónicos dos socios, en función das súas demandas. Sesións e obradoiros de corta duración, sobre cuestións básicas de mellora da empregabilidade, destacando fundamentalmente a alfabetización dixital (funcionamento de contas de correo electrónico e introducción de currículos en páxinas web especializadas), e a motivación. O fomento da creación de grupos de persoas con aspiracións laborais afíns para organizarse xuntas na busca de traballo. A posta a disposición dos socios dun espazo físico para que se poñan en contacto e consulten material bibliográfico de utilidade. E, por último, unha bolsa de Emprego actualizada e dinámica que resultase atractiva a demandantes e empresas.

Todo isto se complementou co servizo de estímulo da creación de empresas e asesoramento a emprendedores xa existente na Axencia de Desenvolvemento Local.

A modo de conclusión, exporemos os resultados deste Clube do Emprego 1, en cifras:

- Duración: 1 xaneiro a 30 de abril de 2010
- Total persoas atendidas: 346 (155 homes e 191 mulleres)
- Nº usuarios/as atoparon emprego: 82 usuarios/as (41 homes e 41 mulleres).
- Nº ofertas emprego enviadas por e-mail: 521
- Nº empresas colaboradoras: 34
- Nº accións formativas celebradas: 5 (3 informática, 2 motivación para a busca de emprego)
- Nº de dossiers elaborados de enderezos de utilidade e consellos para a busca de emprego: 92.

A simple vista se observa a súa utilidade e extrapolabilidade. A súa economicidade se entederá se temos en conta dous factores fundamentais: a utilización das TICs como medio preferente de difusión das comunicacións cos usuarios ( uso do e-mail para o envío de currículos, ofertas de emprego, informacións varias, etc), así como a colaboración de voluntarios, socios do clube, implicándose no funcionamento do mesmo, ben colaborando coa impartición de charlas e obradoiros, ben difundindo ofertas de emprego entre os seus contactos, ben aportando información de interese, ben facendo propostas.

Unha valoración cualitativa por parte da Axencia, impulsora da idea, destacaría o impagable coñecemento do mercado laboral local conseguido con esta experiencia que pon cara e atributos ó desemprego, a renovación de contactos con empresas

por motivos de necesidade mutua, a motivación, a apertura de miras, a sensación de estar facendo algo útil.

Aínda temos, afortunadamente, moitas cousas que mellorar, moitos camiños que explorar. O pasado día 21 de outubro de 2.010 puxemos en funcionamento a segunda edición deste servizo, con cambios importantes relativos novamente ó uso das TICs. Conscientes da súa crecente popularidade, apostamos pola utilización dos recursos das redes sociais virtuais, Facebook foi a que nos pareceu, inicialmente máis interesante, permitíndonos chegar dun xeito informal a socios e poboación en xeral, que agora poden participar activamente, convertíndose en colaboradores do clube, ampliando o voluntariado, parte inherente deste proxecto, ó nivel virtual.

E todo isto porque queremos aprender, queremos aportar, queremos crear.

Grazas pola súa atención.